

**J. JOSÉ RUMBAO REQUEJO**

Allariz.

Fixo os seus estudos musicais nos conservatorios de Ourense, Vigo e Madrid. En Hungría e Austria realizou cursos de especialización. Actualmente é profesor agregado de Música no Instituto “Julio Prieto Nespereira” de Ourense.



Unha bala-  
laica ou un  
sitar son  
capaces de  
“soar” as  
notas  
dunha mui-  
ñeira.

Ouvila en tales ins-  
trumentos non  
pasa de curiosida-  
de anecdótica  
e esporádica.



## MÚSICA E DANZA

# *Sobre algunhas manifestacións “folclóricas”*

**J. José Rumbao Requejo**

*“Que grande é a distancia entre o músico e o cantante: o segundo di; o primeiro coñece a natureza da música. Pero o que fai e non sabe o qué, é besta por definición”.*

De un tratado medieval de música, atribuído a Guido d'Arezzo.

**E**stamos asistindo, nos medios de comunicación, a controversias sobre se certos instrumentos, vestimentas, presencias interpretativas, obras musicais..., responden ou non á tipificación de “Feitos folclóricos”. Parece convinte, en tales casos, que nos refiramos ás fontes e tratados dos estudosos e entendidos. Evitaremos así argumentar desde “personais intereses”, ou desde a osadía, que se ten convertido en costume, de opinar sobre todas as cousas, anque non se teñan ideas claras nen obscuras, porque simplemente non se teñen ideas. Ás veces recurrimos ao insuficiente argumento de que “estamos profesionalmente relacionados” con ditos temas. Mais ¿que argumentos parecen argucias para xustificar as “nosas ideas e posicións”?

O que define e cualifica o dato folclórico é o estudo e a práctica das manifestacións do saber popular, transmitidos desde tempos inmemoriais. E, cinguíndonos ao foclore musical, trataremos de

aquelas manifestacións populares e antigas que se relacionan coa arte dos sons.

Feitos que teñen unhas características de dato colectivo; creado, asumido ou reelaborado polo povo; transmitido oral ou mimeticamente; concretizado en formas simples, pouco elaboradas. E o povo, que é sabio, non ten presa nen pretende o relumbrón exitoso e efímero; deixa que o tempo, como crisol incuestionábel, vaia acomodando, pulindo, madurando a obra folclórica. Obra que entrará profundamente no povo e que fará vibrar os seus sentimentos, o seu temperamento.

Os povos traslucen os seus sentimentos en fórmulas e cos medios que estiman como máis apropiados para reflectalos e provocalos. Aparece unha interrelación entre o abanico de sentimentos, a creatividade expresiva, as concrecións manifestativas desa riqueza sentimental, a elección de medio e instrumentos coadxuvantes. Todo elo crea unha esencia e unha presenza identificada, distintiva: a

***O que define e cualifica o dato folclórico é o estudo e a práctica das manifestacións do saber popular, transmitidos desde tempos inmemoriais.***

singularidade caracterizante de cada povo.

Se as formulacións musicais ou coreográficas do folclore, son expresión dun sentir que se orixina nunhas circunstancias determinadas do acontecer dun povo, a reprodución desas manifestacións e formas, nunha puridade fiel, debería darse en circunstancias similares a aquelas nas que se orixinaron. Asistir a procesións relixiosas nas que se mesturan antigas danzas procesionais e gremiais, con danzas de sega, de vendima, de pescadores, ou que esas danzas procesionais se empreguen para ocupar ¡¡o tempo de descanso dun partido de fútbol!!), resulta,

*Se as formulacións musicais ou coreográficas do folclore, son expresión dun sentir que se orixina nunhas circunstancias determinadas do acontecer dun povo, a reprodución desas manifestacións e formas, nunha puridade fiel, debería darse en circunstancias similares a aquelas nas que se orixinaron.*

cando menos, incongruente.

Non se pode falar de mala intención, pero si de “facere e non saber que”. Sería convinte formular e divulgar algúns principios elementais de uso e trato do patrimonio: certos “entusiasmos” por rescatar e recuperar datos ou costumes antigas, poden desvirtuar e converter en vanos os tesouros culturais ao empregalos dun modo simplista e extrapolalos do seu significado, de seu contexto, da finalidade para que foron creados.

As exhibicións de danzas, de concertos de música folclórica nas que as obras aparecen fora do seu marco orixinal,



*Os povos crearon aqueles instrumentos musicais que parecen máis concordantes co tipo de música que sinten.*



*Danza da Regueifa.*  
 “La Ilustración Gallega y Asturiana” páx. 443. 2-XII-1879.

deben conseguir do espectador a empatía co contido da obra e co ambiente propio de tales obras.

Os povos crearon aqueles instrumentos musicais que parecen máis concordantes co tipo de música que sinten; válese nun primeiro momento, dos materiais máis próximos ao seu entorno, materiais que van perfeccionando ou incorporando outros materiais, pero que sempre responden ás características fixadas para esos instrumentos. Son instrumentos que quedan vinculados ao ser e ao actuar do povo e forman parte da historia instrumental propia.

Na organoloxía universal aparecen moitos instrumentos que obxetivamente poden “soar” as melodías de calquer povo. Esta posibilidade non constitúe razón para considerar esos instrumentos como propios do folclore dun povo. Unha balalaika, un sitar, son capaces de

“soar” as notas dunha muiñeira; ouvila en tales instrumentos non pasa de “curiosidade” anecdótica e esporádica. ¿Que sentirá un xaponés asistente a unha representación de teatro “nô” con acompañamento da gaita?

Através do tempo, os povos tiveron oportunidade de incorporar á súa música instrumentos musicais diversos; sen embargo, constatamos que se decantan por uns determinados, aos que sempre permanecen fieis. Estes instrumentos son patrimonio do povo, son signo de identidade, distinguen e contribúen a constituir a idiosincrasia dese povo. Ao escoitar esos instrumentos, transportámonos intuitiva e inmediatamente ao carácter, á forma de ser dese povo. Pero non só os instrumentos, senón que a forma e a técnica de interpretación significa e distingue a uns povos de outros, inda que o seu folclore empregue instrumentos similares.

**Certos  
 “entusiasmos”  
 por rescatar e  
 recuperar datos  
 ou costumes anti-  
 gos, poden  
 desvirtuar  
 e converter en  
 vanos os tesouros  
 culturais ao  
 empregalos dun  
 modo simplista e  
 extrapolalos do  
 seu significado,  
 do seu contexto,  
 da finalidade  
 para que foron  
 creados.**

*A través do tempo, os povos tiveron oportunidade de incorporar á súa música instrumentos musicais diversos; sen embargo, constatamos que se decantan por uns determinados, aos que sempre permanecen fieis. Estos instrumentos son patrimonio do povo, son signo de identidade, distinguen e contribúen a constituir a idiosincrasia dese povo. Ao escoitar esos instrumentos, transportámonos intuitiva e inmediatamente ao carácter, á forma de ser dese povo.*



*A reprodución de certas manifestacións musicais ou coreográficas debería darse en circunstancias similares a aquelas nas que se orixinaron.*

Destas elementais consideracións podemos deducir algunhas conclusións: se o folclore nos entrega a esencia, as raíces dun povo, os modos concretos nos que o povo intenta manifestar o que pensa, o que sente, o que sabe o que fai..., esa tradición obriga a recibila con respecto, tratala con fidelidade, sen que isto signifique modificar o dato entregado, senón vivificalo nunha evolución fiel ao espírito e á intención con que apareceu ese dato. Sempre é máis cómodo empregar, ben ou mal, o que outros inventaron, que tratar de construír algo orixinal.

As manifestacións folclóricas teñen unhas formas aceptadas e propias. Aparecen con esquemas definidos. Se pretendemos compoñer nunha forma musical, suponse que coñecemos as características definitorias de tal forma; ritmo, melodía, harmonía, desenrolo

estructural, e informar todo cun estilo adecuado.

Se uns instrumentos musicais foron elixidos polo povo como propio das súas manifestacións máis profundas, se se ten adoptado unha forma peculiar de facelos soar, a incorporación de instrumentos que nunca figuraron como distintivos do folclore dese povo ou de técnicas de interpretación instrumental que resultan importadas de outros folclores, xeneran situacións polivalentes e contradictorias que debemos observar e enxuizar con suma cautela: pode resultar unha aportación enriquecedora, ou pode ser unha avalancha colonizadora, extraña, aniquiladora e “snobista”. Non nos deben ofuscar a ansia de resultados inmediatos, a “vistosidade”, a “marcha”, o “exitoso”, nen pretender a vitalidade ou a aceptación con proliferación de actos, de con-



**Pascual Veiga Iglesias.** O nacionalismo musical non é un período da historia musical, é unha realidade permanente.

cursos que arrastran un tufillo de programacións de autoexaltación e interesado dirixismo. Pobre o folclore que teña que recurrir, para demostrar a súa forza, ao artificioso. Perdeu a súa verdade.

Os grupos que se denominan folclóricos son moi libres de incorporar os instrumentos que lles parezan convintes para facer a “súa música”, pero no poden ser considerados como expoñentes xenuinos do folclore dun povo, se esos instrumentos non foron aceptados como propios pola tradición popular. Isto tamén é aplicábel á composición de obras musicais e ás coreografías.

Por elo, se queremos contribuir con sinceridade a fomentar, enriquecer, exaltar, contaxiar co noso folclore, debemos comezar por adquirir unha sólida e seria formación nos campos da música, da socioloxía, da historia, da antropoloxía, da etnografía... É unha necesidade, un reto, unha obrigaón. O folclore resulta

unha realidade tan sacra e imponente que demanda un achegamento, un trato respetuoso, dignificador, vocacional. Repasando a historia da música, constatamos que os grandes compositores empregaron o material folclórico como un elemento de inspiración, como campo de traballo investigado, como materia tratada con toda exquisitez, porque exaltaba os valores e as exencias do povo. O nacionalismo musical non é un período da historia musical, é un alento que animou con maior ou menor exteriorización, todos os tempos históricos: é unha realidade permanente.

Dóenos o atrevemento (a ignorancia, din que é moi atrevida), dóennos os tópicos, as indefinicións, os erros. E parodiando a frase inicial, quen fai o que non sabe é un irresponsable. O que tamén pode significar que as consideracións anteriores para algúns resulten froito da osadía ou da ignorancia.

***Se o folclore nos entrega a esencia, as raíces dun povo, os modos concretos nos que o povo intenta manifestar o que pensa, o que sinte, o que sabe, o que fai..., esa tradición obriga a recibila con respecto, tratala con fidelidade, sen que esto signifique modificar o dato entregado, senón vivificalo nunha evolución fiel ao espírito e á intención con que apareceu ese dato.***

***Se queremos contribuir con sinceridade a fomentar, enriquecer, exaltar, contaxiar co noso folclore, debemos comezar por adquirir unha sólida e seria formación nos campos da música, da socioloxía, da historia, da antropoloxía, da etnografía... É unha necesidade, un reto, unha obrigaón.***